

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/31	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de outubro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:33 ata as 13:55 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Lucía Artime Alonso
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	NON
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 20.10.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 20 de	

outubro de 2022.

**Expediente 2051/2021. Contratación do subministro de pellets e mantemento integral das caldeiras de biomasa das instalacións.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

I.- Vista memoria xustificativa, da necesidade de contratación do subministro de pellets e servizo de mantemento integral das caldeiras, de data 03/10/2022, elaborada polo Arquitecto Municipal

II.- Visto que no acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada en data 06/10/2022, aprobouse o inicio do expediente de contratación DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS LOCALIZADAS NAS DEPENDENCIAS PERTENCENTES AO CONCELLO DE SILLEDAS polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas asinados polo técnico municipal.

IV.- Visto o informe de Secretaría de data 24/10/2022.

V.- Visto o informe de Intervención de data 24/10/2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato mixto de subministro e servizo "CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO INTEGRAL DAS CALDEIRAS DE BIOMASA DAS INSTALACIÓNS"

Segundo.- Aprobar a contía de 111.931,80 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, para tres anualidades, aprobándose o gasto que corresponda para 2022 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato mixto de subministro e servizo "CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PELLETS E MANTEMENTO INTEGRAL DAS CALDEIRAS DE BIOMASA DAS INSTALACIÓNS" por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

Quinto.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Expediente 1504/2022. Contratacións. “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DE CONCELLO DE SILLEDA”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

I.- Vista a memoria xustificativa, da necesidade de contratación do subministro e instalación de 4 contedores para o punto limpo de Silleda, de data 13/10/2022, elaborada polo técnico municipal

II.- Visto que no acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada en data 13/10/2022, aprobouse o inicio do procedemento de adxudicación do contrato mixto de subministro denominado “contrato de subministro e instalación de CATRO CONTEDORES DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE SILLEDA. polo procedemento aberto simplificado.

III.- Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas asinados polo técnico municipal.

IV.- Visto o informe de Secretaría de data 24/10/2022.

V.- Visto o informe de Intervención de data 24/10/2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato mixto de subministro e servizo “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DE CONCELLO DE SILLEDA”.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 24.563,00 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda para 2022 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato mixto de subministro e servizo “SUBMINISTRO E INTALACIÓN DESTINADOS AO PUNTO LIMPO DE CONCELLO DE SILLEDA”, por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha

antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

#### **FOD - Expediente 1197/2020. Solicitud de devolución de aval**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 1197/2020**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 27 de outubro de 2022.

#### **Expediente 1197/2020. Solicitud de devolución de aval**

En data data 05.09.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1080 por María José Taboada Ramos en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. con C.I.F. B36052876 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de obras denominado "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDAS – PLAN CONCELLOS 2020-2021"

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: "a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que con data 26 de outubro de 2022 por Román Gómez Fraiz, Director Técnico das Obras, emítense informe favorable a devolución do aval.

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval de Asefa S.A. Seguros y Reaseguros, por importe de 9.055,79 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA – PLAN CONCELLOS 2020-2021" (Expediente 1197/2020)

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**